



BASES DA VII BANDEIRA CONCELLO DE CEDEIRA

O Concello de Cedeira organiza en colaboración co Club de Remo de Cedeira unha regata de traiñeiras da Liga B, o sábado 3 de agosto de 2024. A medición de tempos e regulamento da regata correspóndelle ao Clube de Remo de Cedeira, como colaborador e farase conforme á Normativa de Competición da Liga Galega de Traiñeiras mentres que o Concello como organizador asume o reparto de premios, conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible formar parte da Liga B de traiñeiras. Os clubs participantes asumirán todas as responsabilidades do beneficiario do premio, incluídas as obrigas fiscais.

SEGUNDA. Os clubs da Liga B de traiñeiras participantes son 6:

- Club de Remo Cedeira
- Club do Mar Bueu
- Club de Remo Chapela
- Club de Remo Puebla
- Club de Remo Náutico de Riveira
- Club de Regatas Perillo.

TERCEIRA. Establécense os seguintes premios en base ao posto acadado:

Posto	IMPORTE
1º CLASIFICADO	860,00 €
2º CLASIFICADO	760,00 €
3º CLASIFICADO	680,00 €
4º CLASIFICADO	600,00 €
5º CLASIFICADO	580,00 €
6º CLASIFICADO	520,00 €

CUARTA. Realizaranse dúas tandas e participarán 3 clubs na primeira e 3 clubs na segunda, os xuíces medirán os tempos feitos por cada unha das traiñeiras participantes e clasificarán por postos do 1º ao 6º. Conforme á clasificación obtida percibirán o importe do premio indicado na cláusula anterior.

QUINTA. A entrega de premios terá lugar, unha vez remate a regata. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do Concello.

SEXTA. Os clubs premiados deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa xurídica ou persoa física que actúa como representante do club na Liga B de traiñeiras, a partir do luns 19 de agosto, no rexistro do Concello de Cedeira ou por sede electrónica. Se pasado o día 30 de novembro de 2024 non se solicitou o premio entenderase que se renuncia ao cobro do mesmo.

SÉTIMA. A decisión dos xuíces será inapelable. Os xuíces da regata terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. Entregarán copia da acta cos tempos das regatas ao Concello.

OITAVA. A participación na regata de traiñeiras supón a total e plena aceptación destas bases.

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.